



Facultade de Ciencias da Educación
Grao en Mestre/a de Educación Primaria

Traballo de
fin de grao

O fomento do galego empregando o folclore nun colexio plurilingüe de Santiago de Compostela:

Deseño de material complementario para a clase de música de terceiro de Educación Primaria

Antía Cores Torres

Titora: Carol Gillanders

Curso académico 2015/2016

Xullo 2016

O fomento do galego empregando o folclore nun colexio plurilingüe de Santiago de Compostela:

Diseño de material complementario para a clase de música de terceiro de Educación Primaria

El fomento del gallego utilizando el folclore en un colegio plurilingüe de Santiago de Compostela:

Diseño de material complementario para la clase de música de tercero de Educación Primaria

The enhancement of Galician language using folklore in a multilingual school in Santiago de Compostela:

Design of supplementary materials for Music lessons in the third year of Primary School

ÍNDICE

Resumo e palabras chave

1. Introducción	1
2. Marco teórico.....	1
2.1. A lingua galega na lexislación e o seu emprego entre a poboación nova.....	3
2.2. A relación existente entre a música e a lingua e o tratamento interdisciplinario nun enfoque competencial.....	6
2.3. Significado do termo folclore e o seu tratamento na educación.....	8
2.4. O folclore nas pedagogías musicais do século XX.....	11
2.5. O folclore e a música tradicional no currículo de Educación Primaria	14
3. Proposta de intervención: deseño de material complementario ao libro de texto.....	17
3.1. Contextualización e xustificación da proposta.....	17
3.2. Deseño do material.....	19
3.3. Obxectivos.....	20
3.4. Relación coas competencias clave	21
3.5. Contidos	22
3.6. Metodoloxía	24
3.7. Temporalización.....	25
3.8. Avaliación	25
4. Consideracións finais	27
5. Referencias bibliográficas	28
Anexo I: Cuestionario sobre o uso da lingua galega para as familias do alumnado de Educación Primaria	31
Anexo II: Coñecendo e aprendendo co folclore e a lingua galega	33

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Desenvolvementos pedagóxicos musicais ao longo do século XX	12
Táboa 2. Referencias no currículo de Educación Musical ás manifestacións artísticas tradicionais	16
Táboa 3. Obxectivos da educación primaria e específicos da proposta.....	20
Táboa 4. Relación de contidos por bloques temáticos na área de Educación Artística referidos á Educación Musical.....	23
Táboa 5. Relación de contidos por bloques temáticos na área de Lingua Galega e Literatura.....	23
Táboa 6. Contidos específicos da proposta.....	24
Táboa 7. Distribución das sesións e dos bloques temáticos da proposta	25
Táboa 8. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para avaliar ao alumnado	26

Resumo

O presente traballo fin de grao desenvolve unha proposta de intervención educativa na que se pretende potenciar o emprego da lingua galega mediante a utilización do folclore nun colexio plurilingüe de Santiago de Compostela. Establécese como punto de partida a clase de Música e deséñase un material complementario ao libro de texto para terceiro de Educación Primaria con actividades nas que está presente tanto o traballo das destrezas básicas da lingua galega coma o desenvolvemento de habilidades musicais.

A proposta xorde coa finalidade de corrixir a situación que se está dando neste centro no que a presenza do galego entre o alumnado é moi reducida e co propósito de lograr o obxectivo que se establece en diversos documentos lexislativos onde se fixa que ao remate da Educación Primaria o alumnado debe posuír unha igual competencia nas dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma.

Palabras chave: Educación Primaria, Educación Musical, lingua galega, folclore, deseño de material.

Resumen

El presente trabajo fin de grado desarrolla una propuesta de intervención educativa en la que se pretende potenciar el empleo de la lengua gallega mediante la utilización del folclore en un colegio plurilingüe de Santiago de Compostela. Se establece como punto de partida la clase de Música y se diseña un material complementario al libro de texto para tercero de Educación Primaria con actividades en las que está presente tanto el trabajo de las destrezas básicas de la lengua gallega como el desarrollo de habilidades musicales.

La propuesta nace con la finalidad de corregir la situación que se está dando en este centro en el cual la presencia del gallego entre el alumnado es muy reducida y con el propósito de lograr el objetivo que se establece en diversos documentos legislativos donde se fija que al terminar la Educación Primaria el alumnado debe poseer una igual competencia en las dos lenguas oficiales de nuestra comunidad autónoma.

Palabras clave: Educación Primaria, Educación Musical, lingua galega, folclore, diseño de material.

Abstract

The present final dissertation develops an educational intervention proposal, which aims to promote the use of Galician language through folklore in a multilingual school in the city of Santiago de Compostela. The music class is taken as a starting point and complementary material to the textbook is designed for the third year of Primary Education, including activities which present the treatment of the basic skills in Galician language as well as the development of musical skills.

The proposal stemmed with the aim of correcting the current situation of this school, where the presence of Galician language among students is rather reduced. It also intended to achieve the objective established in different legislative documents, whereby it is stated that students finishing Primary Education must have a balanced competence in the two official languages of our autonomous community.

Key words: Primary Education, Music Education, Galician language, folklore, materials design

1. Introducción

A lingua galega, creación colectiva do noso pobo, e un elemento básico de identidade cultural e de incalculable valor, está a ser esquecida en moitos centros de Educación Primaria das cidades de Galicia nos cales a práctica totalidade do alumnado é castelán falante (IGE, 2013). A *Lei de Normalización Lingüística* recolle que “as autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito; en igualdade co castelán” (Lei 3/1983, p. 18969). Non obstante, unha enquisa publicada no 2013 polo Instituto Galego de Estatística confirmaba que o 22.7 % da poboación galega menor de quince anos sabía falar pouco ou nada galego o que implica que non se está cumprindo o obxectivo da Educación Primaria de contribuír á adquisición dun grao de competencia semellante nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Ante este panorama brevemente descrito do que está a acontecer nas vilas e cidades é necesario deseñar estratexias de intervención co fin de corrixir esta situación. Neste punto, a escola, un dos principais axentes de socialización, ten un papel de especial relevancia xa que a non actuación implicará unha maior distancia entre o coñecemento do galego e do castelán ao ser os demais axentes socializadores (familia, relación entre iguais e medios de comunicación) contextos nos que, segundo Ramallo (2012), o galego está diminuindo a súa presenza.

Polo tanto, neste traballo preséntase un proxecto de intervención educativa (modalidade tres da *Guía para a elaboración e defensa do TFG - Curso 2015/16*), nun colexio plurilingüe de Santiago de Compostela no que, como se percibiu durante os períodos de prácticas desta titulación, se está dando a situación descrita anteriormente e cuxas impresións foron confirmadas ao deseñar e pasar durante o *Practicum III* un cuestionario de preguntas pechadas (anexo I) para as familias do alumnado de Educación Primaria sobre o uso do galego no colexio, no fogar e no tempo de ocio. O 76.5 % dos pais de alumnos e alumnas desta etapa educativa falan cos seus fillos e fillas só en castelán (38.25 %) ou máis en castelán que galego (38.25 %). O 41.26 % das nais do alumnado emprega só o castelán para comunicarse cos seus fillos e fillas, o 44.81 % máis castelán que galego e tan só o 12.84 % só galego ou máis galego que castelán. Estes datos aínda se posicionan máis a favor do castelán ao responder a aquelas preguntas que fan referencia á utilización da lingua por parte do propio alumnado. Deste xeito, o 3.55 % do alumnado fala co seu pai só en galego fronte ao 62.84 % que emprega unicamente o castelán. Non obstante, as cifras máis rechamantes son aquelas que fan referencia á utilización da lingua no tempo de ocio, é dicir, entre iguais. Nesta dimensión, tan só unha persoa das 366 (0.27 %) que responderon

ao cuestionario fala sempre en galego mentres que o 77.32 % do alumnado emprega só o castelán. Tal e como se pode extraer da análise de datos realizada xunto co titor das prácticas, o galego ten unha presenza minoritaria entre o alumnado e as familias do colexio, quedando relegado a un segundo plano con respecto ao castelán que se evidencia aínda máis nas relacións entre iguais que se dan na escola, sendo necesario o deseño dunha intervención para fomentar o seu emprego e coñecemento.

Sabedores dos beneficios e aportes da música noutras áreas de coñecemento así como da compoñente motivadora que posúe a práctica vocal e instrumental, consideramos que se pode partir da clase de Música para lograr esta potenciación e coñecemento do galego entre o alumnado de Educación Primaria. Máis concretamente, neste traballo créase un material en liña complementario ao libro de texto que se está a empregar nestes momentos en terceiro de Educación Primaria na materia de Música no que se inclúen diferentes manifestacións do folclore galego como danzas, instrumentos tradicionais, recitados, cantigas, entre outros, con actividades nas que a lingua galega é un dos piares fundamentais, tanto na expresión e comprensión escrita como na comunicación oral. Todo o enumerado forma parte do patrimonio cultural inmaterial no que a UNESCO (s.d.) inclúe “tradicións e expresións orais”, termos baixo os que se engloba o citado anteriormente. A lingua é o medio de transmisión deste material e a morte dun idioma así coma o seu desuso provocará que se perdan estas manifestacións e expresións orais polo que consideramos que desde a escola deben darse a coñecer para que os alumnos e alumnas, na idade adulta, sigan con este proceso de paso de xeración en xeración, mantendo así a presenza diaria na vida social.

En liñas xerais, son dous os obxectivos que se pretenden acadar coa realización deste traballo: fomentar o coñecemento e uso da lingua galega entre o alumnado de terceiro de Educación Primaria e ofrecer un material complementario ao libro de texto que se emprega na materia de Música no que a lingua galega, así coma o patrimonio cultural inmaterial, xoguen un papel fundamental.

En canto ás competencias xerais do grao recollidas na *Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria da Universidade de Santiago de Compostela*, coa realización deste traballo intentamos responder ás que se detallan:

- [G12] Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de Educación Primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos.

- [G21] Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes. (Comisión conxunta EUFP-FCE, 2009, p. 40).

Neste mesmo documento se consultamos as competencias específicas do traballo fin de grao, son tres as que se pretenden desenvolver principalmente:

- [E133] Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e en particular o de ensinanza-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias.
- [E134] Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
- [E136] Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro. (Comisión conxunta EUFP-FCE, 2009, p. 44).

As seguintes páxinas están divididas en diferentes apartados comezando por esta breve introdución na que se ofrece unha visión panorámica do traballo. A continuación, no marco teórico, caracterizado pola análise de lexislación e documentos recentes sobre as temáticas que nos ocupan (lingua, folclore e educación musical), realízase unha xustificación do posterior deseño de intervención dende unha perspectiva teórica. Despois deste apartado preséntase a proposta de intervención na que se inclúe unha breve descrición do contexto e das conclusións obtidas no *Practicum III*, unha explicación do deseño do material e diferentes aspectos didácticos coma os obxectivos, a relación coas competencias clave, os contidos, a metodoloxía, a temporalización ou a avaliación. Pecha o traballo un último apartado de consideracións finais no que se recolle as principais reflexións despois da realización do mesmo antes de dar paso ás referencias bibliográficas e aos anexos.

2. Marco teórico

2.1. A lingua galega na lexislación e o seu emprego entre a poboación nova

Centrándonos nun dos aspectos fundamentais deste traballo, a lingua galega, ao realizar un percorrido pola lexislación estatal e autonómica atópanse múltiples referencias a este idioma, tanto no ensino como noutros ámbitos de actuación, debido a súa recoñecida oficialidade dentro de Galicia tal e como se recolle na Constitución española de 1978, norma xurídica suprema dun estado de dereito, ao establecer no seu artigo terceiro que:

O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala. As demais linguas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección. (Constitución Española, 1978, p. 29315).

A súa vez, o Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado no ano 1981 expresa no seu artigo quinto que “a lingua propia de Galicia é o galego (...) os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia” (Lei Orgánica 1/1981, p. 8997) e que os poderes públicos desta Comunidade Autónoma “potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, e, disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento” (Lei Orgánica 1/1981, p. 8997).

Dende que no ano 1979 se introduce a *Lingua Galega* no sistema educativo, a escola é outra das institucións nas que se vela e traballa por potenciar, coñecer e utilizar o noso idioma e así dar cumprimento ao establecido na Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, asinada en Estrasburgo no 1992, con relación á ensinanza. Neste oitavo artigo, ratificado polo rei Juan Carlos I no 2001, garántese “unha ensinanza primaria nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes” (Instrumento de ratificación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, p. 34735) na que unha parte substancial dos procesos de ensinanza e aprendizaxe se dean nas linguas minoritarias e que así a ensinanza destas linguas forme parte do plan de estudos.

Non obstante, en Galicia a primeira lei de normalización lingüística (Lei 3/1983), aínda vixente actualmente, é case unha década anterior á Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias. No artigo doce do seu título terceiro, uso do galego no ensino, recóllese que “o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos” (Lei 3/1983, p. 1896) sendo así obrigatorio o seu estudo durante todas as etapas non universitarias, tanto en centros públicos coma privados coa finalidade de que ao rematar cada un dos ciclos da ensinanza obrigatoria “os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito; en igualdade co castelán” (Lei 3/1983, p. 1896).

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, aglutina as ideas da Constitución española, do Estatuto de Autonomía e da Lei de Normalización Lingüística citadas anteriormente e fai especial fincapé na adquisición dunha igual competencia en galego e en castelán equiparando as horas semanais das materias impartidas en cada idioma. Para conseguir este equilibrio na adquisición das competencias, o Decreto recolle que a Consellería de Educación debe levar a cabo un programa de actividades regulares do fomento do galego nas escolas, cada centro ten que

elaborar cada catro anos o seu proxecto lingüístico (a incluír no proxecto educativo) cos obxectivos e liñas de actuación para a potenciación do galego sendo unha das funcións do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, “nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador/a, por profesorado, por representantes do alumnado (agás no ensino infantil e primario) e por persoal non docente” (Decreto 79/2010, p. 9245), deseñar, poñer en marcha e revisar estes programas de promoción da lingua galega.

A pesar de que a política lingüística dende o comezo do século XXI ocupa un lugar máis central coa creación dunha Secretaría Xeral e é un dos campos fortes de actuación da oposición, nos centros de ensinanza obrigatoria que se atopan nas cidades de Galicia o número de alumnado que domina o galego cada vez é menor, sendo moi difícil de conseguir que ao remate da Educación Primaria os nenos e nenas de centros urbanos como Santiago de Compostela ou Vigo sexan igual de competentes en galego ca en castelán, como se recolle na Lei 3/1983 ou no Decreto 79/2010. Deste acontecemento dan mostra os datos recollidos polo Instituto Galego de Estatística na *Enquisa de condicións de vida das familias* do ano 2013 publicados na web da institución e que se mencionan anteriormente na introdución. O 22.7 % da poboación galega menor de quince anos sabe falar pouco ou nada galego, porcentaxe que vai en aumento con respecto ás enquisas de anos anteriores. Neste estudo tamén se manifesta o desigual uso do galego dependendo da idade da poboación atopándose os datos máis baixos na utilización desta lingua nos rapaces e rapazas entre cinco e catorce anos ao falar sempre en galego o 13.20 %, máis galego que castelán o 11.91 % e o 74.88 % restante sempre en castelán ou máis castelán que galego. Por outra banda, a familia segue a ser a principal vía de aprendizaxe do idioma galego posto que o 82.17 % dos entrevistados e entrevistadas afirman aprendelo a falar neste ámbito. Non obstante, se consultamos o datos da poboación menor de trinta anos esta situación está mudando e a escola (cun 86.52 %) supera á familia como medio de aprendizaxe.

Á vista dos cambios que se están a producir na sociedade é evidente o papel que xoga a escola no fomento do galego, e en maior medida naqueles centros que, como se comprobou nos datos aportados anteriormente, o alumnado provén de contextos nos que predomina o castelán sendo moi escasa a presenza do galego. Deste xeito, dende a escola hai que traballar para a adquisición dunha competencia comunicativa en galego tendo en conta que unha das formas de conseguilo é a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo que semella non ser suficiente coa estratexia de metade e metade (ou división en terzos naqueles centros que sexan plurilingües) que se promulga no Decreto 79/2010. A súa vez, a progresiva diminución da presenza do galego entre a poboación máis nova pon en evidencia que non se están alcanzando as pretensións

e obxectivos marcados pola política e normalización lingüística que se relataron neste apartado.

2.2. A relación existente entre a música e a lingua e o tratamento interdisciplinario nun enfoque competencial

Neste traballo establécese unha estreita relación entre a música e a lingua apostando pola mellora da competencia lingüística empregando recursos do folclore musical galego. Nesta mesma idea incídese nos limiares de varios libros que se encargan da recollida do material de tradición oral como pode ser no titulado *Tan, tarantan, tarantan, tarantiña* (Rico, 1994) ao afirmar na presentación do mesmo que “a palabra é unha das formas básicas de expresión rítmica e a linguaxe o medio máis axeitado para favorecer-la musicalidade e desenvolve-lo sentido rítmico dos nenos e nenas” (p.11). Optamos por estes materiais de tradición oral xa que neles o texto é un elemento fundamental e dunha importancia esencial o que nos permite a través da súa declamación ou entoación traballar a fonética, o acento das palabras, a estrutura interna da lingua ou a adquisición de vocabulario (Badía e Díaz, 2006).

En termos máis xerais, a importancia da música na adquisición e desenvolvemento dunha lingua pódese apreciar en artigos publicados nos que se relatan experiencias de utilización da música na aprendizaxe dunha lingua estranxeira ou aqueloutros nos que os recursos musicais se empregan na intervención de diferentes dificultades de linguaxe como poden ser as dislexias. Ramírez (2006) afirma na introdución do seu libro *Música, lenguaje y educación* que a relación que se establece entre estes tres termos existe a pesar de que non se aborda en demasiadas ocasións e que se debe apostar por unha interdiscipliniedade na que estean presentes os recursos propios da Educación Musical para solucionar as dificultades que xorden noutras áreas.

Nesta mesma idea inciden Touriñán e Longueira (2010) ao defender que unha educación integral é aquela na que a formación se produce dende a intelixencia, a vontade e a afectividade, sendo capaces de enfocar a educación musical dende estas tres dimensións “tanto para conseguir o desenvolvemento de competencias propiamente musicais como os aportes que esta área de formación poida proporcionar ao desenvolvemento de competencias básicas” (p. 157). De aquí pode extraerse unha palabra que aparece en moitas das leis educativas que estiveron vixentes (LOXSE, LOCE e LOE) e que se mantén na LOMCE, a interdiscipliniedade, tan necesaria nun enfoque por competencias. As competencias defínense como “capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza ou cada etapa educativa, para lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos” (Decreto 105/2014, p. 37406) polo que para mellorar o grao de adquisición das oito competencias clave é

preciso avogar pola transversalidade, integrando aprendizaxes procedentes de diferentes disciplinas e fuxindo da atomización e fragmentación das materias e saberes.

Se entendemos a interdisciplinariedade como “a interacción existente entre dúas ou máis diferentes disciplinas” (Gutiérrez, Cremades e Perea, 2011, p. 153) o que se propón neste traballo podería considerarse un pequeno achegamento a este tratamento no que se establecen relacións entre as disciplinas, a pesar de que a integración máis patente se reflicte entre a materia de Educación Artística e a de Lingua Galega e Literatura, como se verá nos seguintes apartados, trátanse contidos doutras áreas como a de Ciencias Sociais. Elixiuse a clase de Música como punto de partida porque ademais de influír en diferentes procesos de cognición como a percepción, atención, a memoria, a intelixencia, o pensamento ou a propia linguaxe; a música é un gran instrumento de comunicación na aula ao aumentar as capacidades de comprensión e expresión da linguaxe verbal (Pérez e Leganés, 2012) á vez que a práctica musical posúe unha gran capacidade de motivación que ten moitas repercusións positivas no proceso educativo (Gutiérrez, Cremades e Perea, 2011). Por tanto, trátase dun primeiro paso para lograr o que Ramírez (2006) denomina “educación como música” (p. 125), defendendo a posibilidade de que todo o sistema educativo se articule en torno á educación musical, premisa difícil de conseguir tendo en conta a consideración das artes na sociedade xa que o sistema educativo é un fiel reflexo do sentir da colectividade e da importancia que esta lle da ás diferentes disciplinas ou ramas de coñecemento.

Poñendo en valor a música na Educación Primaria, o alumnado mellora a súa comunicación, facilítase o desenvolvemento da linguaxe mediante a educación da escoita (debemos ter en conta que a linguaxe oral recíbese de forma auditiva) e favorécese a relaxación e emisión de palabras e expresións fluídas a través da educación vocal (Ramírez, 2006). Esta mesma autora defende que partindo das relacións existentes entre música, linguaxe e educación e a visión da “educación como música” conséguese a socialización do alumnado, a potenciación da creatividade e o desenvolvemento motor e afectivo, tal e como se pode apreciar nas súas propostas didácticas. Concretando un pouco máis en cada un dos elementos, o canto en grupo, a audición conxunta, a interpretación instrumental ou os diferentes xogos lingüísticos-musicais, favorecen o desenvolvemento da socialización mediante a cooperación e a necesidade de poñernos en contacto cos demais para sincronizar os ritmos, empastar as voces, etc. A creatividade está presente en todas as representacións e creacións do alumnado ao facer composicións propias, improvisar ou interpretar aportando unha esencia persoal as composicións xa existentes. En canto ao desenvolvemento motor, a expresión musical a través da danza implica unha coordinación da postura, a execución instrumental require de xestos nos que se establecen relacións

espazo-corporais e coordinacións viso-manuais, etc. Finalmente, todas as actividades de interpretación musical potencian enormemente a interacción e o desenvolvemento afectivo tan importante na etapa dos seis aos doce anos, ao deixar de ser tan primordiais como na primeira infancia as relacións co adulto. Os nenos e nenas vólvense máis libres e comezan a interesarse polos seus iguais, proporcionando a música un punto de encontro cos demais á vez que se desenvolven condicións afectivas como a autonomía ou a confianza en si mesmo (Ramírez, 2006).

Por todo o dito anteriormente e xustificada a existente relación entre música e lingua, a proposta de intervención está composta por diferentes manifestacións pertencentes ao patrimonio inmaterial cultural galego nas que a lingua galega cobra unha importancia fundamental xa de por si e que se acentúa pola presenza de diferentes actividades de expresión e comprensión oral e escrita.

2.3. Significado do termo folclore e o seu tratamento na educación

O termo folclore foi introducido polo arqueólogo inglés William John Thoms no ano 1846 nun artigo da revista *The Athenaeum*, publicado en Londres, unindo así dúas palabras que son *folk* (pobo, xente, raza) e *lore* (sabedoría, bagaxe de coñecementos) (Martín, 1992). Polo tanto, “o folclore designa o conxunto de saberes, crenzas, costumes, ritos, artes e tecnoloxías transmitidas de modo tradicional en todas as sociedades e grupos humanos” (Trapero, 2004, p. 163). Esta palabra denota e enmarca o conxunto de manifestacións características dun pobo (lendas, contos, danzas, creacións artesanais, cancións, remedios caseiros, vestiarios, etc.) que son transmitidas de xeración en xeración. Esta transmisión oral, grazas á que permanece na memoria de todas aquelas persoas que o crean, transforman e reproducen, expónse a unha continua variación e reinvencción polo que co paso do tempo vaise enriquecendo a través de modificacións, á vez que outras manifestacións rematan por perderse (Arévalo, 2009). Deste xeito, o folclore consérvase, perpetúase, reinvéntase e en ocasións pérdese pero “ten a capacidade non só para sobrevivir dende o pasado, senón para incorporarse ao presente e incluso preludiar o futuro” (Díaz, 2005, p. 39).

Ao consultar este termo na Real Academia Española, ademais da acepción de “conxunto de crenzas, costumes, artesanías, etc., tradicionais dun pobo” (Diccionario de la Lengua Española, 2001, p. 1072) observamos que se inclúe unha segunda acepción que fai referencia ao estudo do folclore. Como se aprecia, por folclore tamén se entende “aquela disciplina que recolle e estuda o patrimonio cultural colectivo, tradicional e anónimo, do pobo” (Martín, 1992, p. 54).

Co paso dos anos a connotación deste vocábulo foi cambiando e, na actualidade, nalgunhas ocasións considérase o folclore como a expresión do antigo e rural, a pesar de que probablemente se trate dun fenómeno moito máis actual do que, a miúdo, pensamos. É “unha etiqueta que se pon ao que parece sobrar, unha definición por exclusión, un espazo indefinido no que aparcar a cultura que queda fora da Gran Cultura” (Díaz, 2005, p. 36).

Como se pode apreciar, dentro do gran abano de posibilidades e manifestacións que recolle o folclore atópanse expresións puramente musicais ou estreitamente relacionadas con este campo como son as cancións, as danzas, os xogos acompañados de música, os instrumentos populares, os ritmos, etc. De este modo, chamamos *folclore musical* ao acervo musical acumulado pola cultura popular, ao seu estudo e ao material transmitido, un campo moi amplo e rico xa que tradicionalmente estas actividades estaban moi presentes no día a día. Ademais, todas as formas da música vocal e instrumental teñen o seu xerme en cancións e danzas folclóricas que continúan desenvolvéndose (Martín, 1992).

Diferentes comunidades autónomas de España como Galicia, cunha lingua e unha cultura propia, son rexións que se caracterizan por unha gran diversidade e riqueza en canto ás manifestacións folclóricas (entre moitos outros aspectos) que sobreviviron ao paso do tempo, ás crises socioeconómicas, á ambigüidade cultural, mais nas que pouco a pouco algúns destes signos de identidade se están perdendo debido ao proceso de homoxeneización por parte da cultura dominante como recolle Bustos (2011):

As culturas dominantes acaban impoñendo os seus esquemas de comportamento, as súas linguaxes, os seus costumes e, en definitiva, as formas de proceder que forxaron unha hexemonía con calado nas culturas dominadas. A cultura dominante fomenta unha xeneralización de hábitos e condutas que acaba construíndo progresivamente un único modelo referencial no que converxen co tempo o que anteriormente podían ser formulacións culturais diverxentes. (p. 49).

Autoras como Arévalo (2009) afirman que “a mellor forma de que calquera colectivo sinta a necesidade por fomentar este tipo de música que nos define e diferencia é inculcando a súa práctica dende a escola” (p. 4), xa que cancións, xogos e danzas que os nosos pais e avós interpretaban diariamente están en risco de esquecerse se dende as institucións educativas non se reaviva a ilusión por transmitilas e aprendelas, ao ser “o entorno escolar o marco idóneo para levar á práctica esa ensinanza e alí onde máis asegurada estaría a súa transmisión” (Martín, 1992, p. 56).

Ante o notable retroceso que sufriu a música folclórica nos últimos anos “a pesar dos esforzos dalgunhas editoriais para a creación e recuperación de repertorio popular e infantil

e a súa adaptación para incluílo nas diferentes guías didácticas” (Arévalo, 2009, p. 3), a nosa función como mestras e mestres é potenciar a integración social e cultural do alumnado e a valoración musical da cultura da súa rexión ou localidade, sen excluír manifestacións folclóricas doutras rexións ou pobos (Gallego, 2004), en maior medida se nas aulas hai alumnos e alumnas doutros países; transmitindo a través da música folclórica valores como a cooperación, a colaboración, a empatía ou a solidariedade.

Moitos dos alumnos e alumnas de Educación Primaria amosan rexeitamento cara este tipo de música provocado polo seu descoñecemento debido aos procesos de urbanización e os cambios de mentalidade dos últimos anos:

Os cambios xeracionais, o desenvolvemento dos medios de comunicación, a presenza da música na radio, televisión, a través de Internet, a masiva emigración ás cidades, o despoboamento rural converten ao noso alumnado nunha xeración máis urbana que vive cada día con máis intensidade e descoñecemento pola vida do noso patrimonio, da nosa historia. Por esta razón, os intereses musicais dos alumnos e alumnas non sempre coinciden coa visión do profesorado, o currículo ou as guías didácticas propostas para os cursos. Ante este tipo de problemas, queda pendente a reflexión a nivel pedagóxico, por parte do profesorado sobre a revitalización da cultura popular e da música tradicional (Arévalo, 2009, p. 4).

Estes cambios e fenómenos provocaron que a música tradicional que formaba parte da vida das persoas e a colectividade se substituíse polo consumo de música allea ao entorno familiar e social, dando lugar a aparición de formas estéticas cada vez máis uniformes e a unha redución da participación activa e directa do pobo (Delgado, 2005).

Unha das posibles solucións ante este acontecemento radica na escola, como xa se recolleu anteriormente, e máis concretamente dende a materia de Música, apostando por repertorios populares e folclóricos entre os que se inclúan textos, melodías, danzas, ritmos, instrumentos e xogos que representen a nosa cultura, expliquen os cambios producidos na sociedade e axuden a que “o alumnado aprenda a coñecer e utilizar o seu acervo cultural como medio de expresión habitual para chegar ata o universal” (Delgado, 2005, p. 6).

Con este material poden traballarse moitos dos contidos específicos desta área como a expresión vocal e instrumental, o movemento ou a creación musical. Só por citar algún exemplo concreto, coas cancións de corro podemos interiorizar a estrutura formal das obras musicais cambiando o sentido do movemento en cada frase ou semifrase; coas danzas comprendemos a linguaxe musical a través dos valores rítmicos dos seus pasos fundamentais; coas rimas, ladaíñas, adiviñas e trabalinguas practicamos o ritmo prosódico;

cos recitados comprendemos os distintos matices e dinámicas e coas cancións mentres que saltamos á corda desenvolvemos a precisión e sentido rítmico. Por tanto, en liñas xerais, a incorporación do folclore nas clases de Educación Primaria permite “educar a voz falada, entoada e cantada; desenvolver a sensibilidade e o gusto polo canto; favorecer o sentido rítmico e motriz e facilitar a integración social mediante o xogo, o canto colectivo e a danza” (Martín, 1992, p. 63).

A inclusión do folclore e das manifestacións tradicionais na escola supón un reto para o profesorado de música que se enfrenta en moitas ocasións a unha linguaxe descoñecida (Delgado, 2005) por non posuír coñecementos de etnomusicoloxía, ciencia que garda “unha relación directa coas manifestacións musicais folclóricas, con aquelas músicas que se levan practicando durante xeracións con certa funcionalidade e formando parte dunhas serie de códigos estéticos compartidos pola tradición da comunidade” (Lorenzo e Espejo, 2011, p. 38).

Non obstante, como mestres e mestras debemos concienciarnos para superar este reto xa que se a escola debería funcionar como un elemento transmisor destas manifestacións folclóricas, os mestres e as mestras seríamos, dentro das institucións educativas, o medio para dalo a coñecer, despertando o interese no noso alumnado e a súa vez, creando interese docente pola investigación e experimentación destas prácticas coa finalidade de recompilar este legado, melloralo a través da investigación e a busca de interrogantes e respostas que faciliten o proceso de aprendizaxe (Arévalo, 2009).

2.4. O folclore nas pedagogías musicais do século XX

O século XX foi unha época de grandes cambios, descubrimentos e invencións que afectaron a diferentes ámbitos incluíndo tamén a educación musical. Violeta Hemsy de Gaínza (2004) denomina a este século pasado como o “século dos grandes métodos” ou o “século da iniciación musical” (p.74) e establece seis grandes períodos co fin de definir as distintas etapas polas que pasou a educación musical. Na táboa 1 incluímos unha visión global destes períodos mencionando aos principais expoñentes e as súas principais achegas.

Táboa 1. Desenvolvementos pedagóxicos musicais ao longo do século XX.

Períodos	Décadas	Métodos e aportes
“Dos precursores”	‘30 e ‘40	“Tonic Sol-Fa” Maurice Chevais
“Dos métodos activos”	‘40 e ‘50	Émile Jacques Dalcroze: introdución do movemento corporal Edgar Willems: afonda nos aspectos psicopedagóxicos da ensinanza musical Maurice Martenot
“Dos métodos instrumentais”	‘50 e ‘60	Carl Orff: formación de conxuntos instrumentais Zoltan Kodály: o canto como instrumento básico no proceso de musicalización Shinichi Suzuki: método para a ensinanza temperá do violín
“Dos métodos creativos”	‘70 e ‘80	George Self: introdución da música contemporánea na aula Murray Schafer: desenvolvemento da escoita e da curiosidade sonora Brian Dennis John Paynter
“De integración”	‘80	Aparece a tecnoloxía educativa, os movementos alternativos na arte, os novos enfoques corporais, a musicoterapia e as técnicas grupais. As migracións diversifican o panorama cultural e educativo e desenvólvese a multiculturalidade de xeito que a educación musical debe ampliar os seus contidos para integrar progresivamente a música doutras culturas.
“Dos novos paradigmas”	‘90	Aparición de “modelos” (a principal diferenza con respecto aos métodos anteriores é que non necesariamente presentan unha secuenciación).

Fonte: Elaboración propia a partir de *La educación musical en el siglo XX* de Violeta Hemsy de Gainza (2000).

A partir da terceira etapa (“dos métodos instrumentais”, entre 1950 e 1960) comeza a valorarse as músicas tradicionais propias xunto coa actividade en grupo e a utilización de instrumentos (Gillanders e Candisano, 2011) aínda que xa se pode apreciar esta tendencia nas propostas de Willems, pertencente á segunda etapa. Desta forma, pedagogos como Willems, Orff ou Kodály déronlle importancia á música folclórica e dedicáronse tanto ao seu estudo en profundidade como á introdución da mesma dentro das súas propostas pedagóxicas.

Edgar Willems (Bélxica 1890-Ginebra 1978) formulou unha teoría psicolóxica sobre a música establecendo unha correspondencia entre o ritmo, a melodía e a harmonía e os tres compoñentes esenciais da personalidade humana que para el son a sensorialidade, a afectividade e a racionalidade (Jorquera, 2004). Willems defende unha aproximación activa á música na que primeiro estean presentes actividades para vivenciala mediante a percepción, memorización, reprodución e improvisación e despois afrontar a lectoescritura musical. En canto á utilización e emprego do folclore, Willems considera as cancións

populares moi valiosas xa que ademais das múltiples posibilidades que ofrecen dende o punto de vista musical, son de gran interese e valor social, cultural e etnolóxico.

Carl Orff (Múnic, 1895-1982) traballou a música relacionándoa coa palabra, o movemento e a danza (Gillanders, 2001) e deseñou unha proposta coñecida como Orff-Schulwerk no que se recollían textos, cancións e pezas instrumentais coa finalidade de animar tanto ao alumnado como aos mestres e mestras a tocar, cantar e bailar. Autoras como Lahoza (2012) afirman que “Schulwerk é un concepto pedagóxico musical no cal texto, danza e música son formas de expresión equivalentes” (p. 32) que conxuntamente conducen a unha vivencia integral da música. A súa metodoloxía considera que a palabra falada é a célula xeradora do ritmo partindo así da propia fala do neno ou nena e empregando recitados, rimas ou roldas infantís para traballar o seu desenvolvemento. Para a formación melódica utiliza cancións infantís propias de cada comunidade e o folclore popular cantado e bailado que se acompaña de xestos, percusión corporal ou dos chamados instrumentos Orff (Gillanders, 2001).

Zoltán Kodály (Hungría, 1882-1967) dedicou gran parte da súa vida a recompilar un amplo repertorio de música popular e folclórica húngara para utilizar na súa metodoloxía contando coa axuda de Béla Bartók:

O patrimonio da música popular ten un importante papel na aprendizaxe da música nos nenos/as, que non tendo aínda o oído contaminado de “lixo musical”, aprenden música con temas e fragmentos sonoros, escoitados dende o momento do seu nacemento, que son cantados ou tocados polos pais ou polas persoas do seu entorno (Lucato, 2001, p. 3).

A súa proposta de educación musical “ten como base a convicción de que as capacidades do neno maduran e desenvólvense xunto ao coñecemento de cantos de tradición oral do seu país, repertorio que define como *lingua materna musical*” (Jorquera, 2004, p. 35) e a través destas cancións folclóricas trabállase o oído musical do neno ou nena e ensínase solfexo. En Hungría, nas escolas infantís especializadas neste método, o alumnado remata cun patrimonio vocal dunhas catrocentas cancións, ladaíñas e xogos musicais aprendidos o que lle permite ao mestre de primaria comezar o seu labor docente cun gran material xa preparado (Lucato, 2001), realidade que en España non acontece deste modo. Resulta evidente que ao poñer en práctica o método Kodály nun país diferente a Hungría, débense adaptar os repertorios e utilizar os propios da tradición oral do país en cuestión.

Despois deste breve achegamento ás propostas máis relevantes do século XX que inclúen o estudo da música tradicional dentro da súa metodoloxía resulta evidente que o emprego destes materiais nas aulas de Educación Primaria está xustificado e que debemos incluílo tanto nos libros de texto como nas actividades que se realicen posto que contribuímos á difusión e mantemento dos sinais de identidade, potenciamos a utilización da nosa lingua e traballamos contidos musicais coma o ritmo, a melodía, a forma ou a harmonía.

2.5. O folclore e a música tradicional no currículo de Educación Primaria

O termo currículo ten unha longa historia e numerosos pedagogos e teóricos da educación como Johnson, Lawton, Stenhouse ou Kemmis aportaron á didáctica diferentes definicións e reflexións sobre este concepto. Como o obxectivo deste traballo non é realizar un monográfico acerca deste termo, recóllese unicamente unha das moitas definicións válidas para establecer un punto de partida antes de iniciar a análise do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Deste xeito, Gimeno Sacristán (1988) afirma que “o currículo é, antes que outra cousa, a selección cultural estruturada baixo claves psicopedagóxicas desa cultura que se ofrece como proxecto para a institución escolar” (p. 20). Por tanto, ante a imposibilidade de que todo o coñecemento se atope especificado no currículo é necesario facer esta selección e organización de contidos que, lonxe de ser neutra, reflicta os valores e crenzas dos grupos de poder da sociedade.

A primeira consideración que se realiza no decreto ás manifestacións artísticas tradicionais que forman parte do patrimonio inmaterial da nosa cultura atópase nos obxectivos da Educación Primaria onde, nun deles, se fala de “Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia” (Decreto 105/2014, p. 37414). Non se recollen explicitamente palabras como “folclore” ou “música tradicional galega” mais despois de definir o termo folclore considérase que estas producións englobáanse dentro da cultura galega que nos identifica e diferencia dos demais pobos e rexións.

Na área de Educación Artística, e concretamente en Educación Musical, a partir do segundo curso comeza a incluírse dentro dos contidos a “audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego” e a “práctica dalgunha danza tradicional galega” (Decreto 105/2014, p. 37951) a pesar de que non se relaciona claramente con eles ningún criterio de avaliación nin estándar de aprendizaxe específicos. De terceiro a sexto, tal e como se recolle na seguinte táboa, a presenza é moito maior e faise mención ás danzas tradicionais

galegas, aos instrumentos da cultura galega e ás pezas tradicionais tanto no primeiro bloque de “a escoita” coma no quinto bloque que leva por título “a música, o movemento e a danza”. Non obstante, o termo “manifestacións artísticas propias de Galicia”, que se cita en varias ocasións, serve de caixón de xastre e nel encadraríanse todo tipo de cantigas, refráns, celebracións, agrupacións musicais, etc., que poderían traballarse nas aulas de Educación Primaria para a súa recuperación, coñecemento, interpretación e divulgación.

Como se pode apreciar na táboa 2, as referencias á música tradicional galega e a todas as súas representacións están presentes no currículo de Educación Primaria e ademais, empréganse verbos con diferentes connotacións coma coñecer, valorar, interpretar, reproducir, identificar e investigar. Esta variada terminoloxía pon de manifesto que o alumnado ademais de recoñecer e apreciar o valor da súa cultura debe dar un paso máis e poñer en práctica eses contidos mediante a creación, investigación ou interpretación dos mesmos para non quedar unicamente nunha visión emocional e afectiva.

É importante resaltar que noutras áreas do currículo tamén se trata o folclore, as diferentes manifestacións literarias que en moitas ocasións se acompañaban de música ou o patrimonio natural, histórico e cultural do contorno próximo do alumnado. Como exemplos, en Lingua Castelá e Literatura recóllese como criterio de avaliación para cuarto, quinto e sexto curso “coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas” (Decreto 105/2014, p. 37589); en Ciencias Sociais establécese como contido para segundo de Educación Primaria “o patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación” (Decreto 105/2014, p. 37494); en Lingua Galega e Literatura aparece como estándar de aprendizaxe dende terceiro ata sexto: “escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas cancións, ditos) e da literatura galega en xeral” (Decreto 105/2014, p. 38019) e en Educación Física durante os seis anos de Educación Primaria aparecen contidos acerca de danzas do folclore popular galego, alcanzando o máximo desenvolvemento no contido de sexto de “execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión” (Decreto 105/2014, p. 37836) ou o estándar de aprendizaxe: “coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida” (Decreto 105/2014, p. 37835).

Táboa 2. Referencias no currículo de Educación Musical ás manifestacións artísticas tradicionais.

Educación artística (Educación Musical)			
	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe
Terceiro Curso	Bloque 1: A escoita		
	B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e compañeiras.		EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.
	Bloque 3: A música, o movemento e a danza		
	B3.4. Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.
Cuarto Curso	Bloque 1: A escoita		
	B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e compañeiras. B1.13 Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.	EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.
	Bloque 3: A música, o movemento e a danza		
	B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. EMB3.2.3: Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.
Quinto Curso	Bloque 1: A escoita		
	B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. B1.15. Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceiras.	B1.7. Buscar, seleccionar e organizar información sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.	EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.
	Bloque 3: A música, o movemento e a danza		
	B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.
Sexto Curso	Bloque 1: A escoita		
	B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.	B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que debe afrontar as audicións e as representacións.	

Fonte: Elaboración propia a partir do Decreto 105/2014.

Por tanto, apréciase como é posible un tratamento multidisciplinar que englobe diferentes áreas co obxectivo de potenciar a competencia lingüística do alumnado en lingua galega á vez que se traballan aspectos concretos de cada unha das materias do currículo de Educación Primaria.

Tendo en conta que o currículo é un documento flexible que cada mestre e mestra debe adaptar á realidade que ten en cada momento posto que non debe entenderse á marxe das condicións nas que acontece o seu desenvolvemento, é a nosa función como docentes darlle importancia ao patrimonio artístico galego como conxunto de elementos que caracterizan ao noso pobo e aproveitalo para tratar diferentes aspectos e contidos, non só musicais, buscando á aprendizaxe e desenvolvemento integral do neno ou nena.

3. Proposta de intervención: deseño de material complementario ao libro de texto

Realizada unha análise das principais consideracións sobre a lingua galega en diferentes documentos lexislativos e dos datos do seu emprego entre a poboación nova, da relación existente entre a música e a lingua así como da necesidade dun tratamento interdisciplinario, de aproximarnos ao concepto de folclore, a súa importancia na pedagogía do século XX e a presenza deste no currículo de Educación Primaria, é o momento de dar comezo e explicar de forma detallada o tipo de intervención que se levará a cabo facendo fincapé nos diferentes apartados que a conforman: contextualización e xustificación, deseño do material “Coñecendo e aprendendo co folclore e a lingua galega”¹, obxectivos que se pretenden alcanzar, relación coas competencias clave, contidos a traballar, metodoloxía, temporalización e avaliación.

3.1. Contextualización e xustificación da proposta

Esta proposta de intervención está deseñada para un centro concertado e plurilingüe de Santiago de Compostela situado na zona monumental, moi preto do casco histórico. Actualmente alberga alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato contando con aproximadamente mil catrocentos alumnos e alumnas que proceden maioritariamente da cidade de Santiago ou de concellos próximos.

Tras realizar neste colexio os tres períodos de prácticas do Grao en Mestre/a de Educación Primaria púidose comprobar que o alumnado practicamente na súa totalidade é castelán falante, amosando dificultades para comunicarse en lingua galega nas actividades académicas que así o requirían. Observando a clase de 3ºA (*Practicum I*) e de 4ºA (*Practicum II*), sendo o alumnado o mesmo, púxose de manifesto que eran incapaces de falar en galego cando o mestre formulaba diferentes cuestións para potenciar a

¹ Ver <http://es.calameo.com/read/004619662d5273df2d643>

comunicación nesta lingua, os alumnos e alumnas rapidamente cambiaban ao castelán ou antes de dicir unha palabra tardaban varios segundos pensándoa.

Tendo como punto de partida estas observacións sistemáticas nunha aula de referencia e que se recollían no diario realizado ao finalizar cada xornada, no último período de prácticas, o *Practicum III*, deseñouse un cuestionario cuantitativo para as familias do alumnado de Educación Primaria composto por dez preguntas (anexo I) de resposta pechada xa que como afirma Martínez (2002) os cuestionarios deste tipo empréganse cando é sinxelo saber as respostas que poden dar as persoas que o contestan. Para a elaboración do mesmo, tomouse como modelo unha enquisa de condicións de vida das familias publicada na páxina web do Instituto Galego de Estatística (2013) que conta cun módulo de novas tecnoloxías e coñecemento e uso do galego.

As principais conclusións extraídas dos resultados desta enquisa, xa mencionada na introdución, cuberta por 366 familias de alumnos e alumnas de Educación Primaria dun total de 468, o que representa ao 78.2 % do alumnado da etapa, foron as seguintes:

- O alumnado procede maioritariamente de familias que teñen como lingua materna e vehicular o castelán e nas que o galego xeralmente se utiliza nunha proporción moito menor (como xa se mencionou na introdución, o 38.25 % dos pais fala unicamente en castelán cos seus fillos fronte ao 9.02 % que só empregan o galego acontecendo o mesmo coas nais ao utilizar só castelán o 44.81 % e máis castelán que galego o 41.26 %).
- Ao preguntar pola lingua que empregan persoas cun parentesco non tan próximo (tíos e tías, avós e avoas) obtéñense resultados semellantes á lingua de utilización no fogar do alumnado.
- As porcentaxes anteriores de presenza do galego diminúen naqueles ítems que fan referencia á lingua empregada polo alumnado. Deste xeito, o 62.84 % dos nenos e nenas de Educación Primaria falan con seu pai só en castelán e o 31.97 % máis en castelán que galego, porcentaxes similares á lingua que usan para falar coa nai.
- O galego é practicamente inexistente no tempo de ocio dos rapaces e rapazas, é dicir, nas relacións entre iguais. Nestas situacións só un alumno ou alumna afirma falar sempre en galego e outro ou outra máis en galego que castelán, sendo o 77.32 % do alumnado o que emprega soamente o castelán. Por tanto, apreciamos que unha porcentaxe importante de alumnado que coa súa familia fala en galego ou máis

en galego ca en castelán, cambia de lingua ao comunicarse cos seus compañeiros e compañeiras.

Neste contexto brevemente esbozado xorde esta proposta de intervención que ten como finalidade potenciar o uso do galego tan necesario neste centro tendo en conta a realidade que se reflicte nos datos das enquisas. Elíxese a clase de música para iniciar este traballo coa lingua galega por todos os motivos expostos no marco teórico, fundamentalmente pola compoñente motivadora da mesma e a facilidade para incluír nela as actividades lingüísticas.

3.2. Deseño do material

Dada a complexidade de abordar unha formulación para toda a etapa a condensar na extensión limitada deste traballo, a proposta de intervención que se presenta está destinada ao 3º curso de Educación Primaria e consiste no deseño dun material en liña complementario ao libro de texto que se está a empregar na materia de Música nestes momentos e leva por título “Coñecendo e aprendendo co folclore e a lingua galega”. Elíxese este curso porque analizando o *Proxecto Educativo de Centro*² (s.d.) a porcentaxe de materias que se imparte en galego, castelán e inglés está descompensada non cumpríndose o 33 % que se pretende alcanzar, posto que das vinte e cinco horas lectivas, nove danse en castelán, outras nove en inglés e soamente sete en galego. Ademais, neste documento reflíctese que a materia de Música se imparte en galego cando o libro de texto está en castelán, polo que é necesario a creación dun material en lingua galega para evitar estas contradicións.

Ao mesmo tempo, o deseño deste material complementario ao libro de texto nace da necesidade de mellorar algúns aspectos dos manuais de Educación Musical nos que a miúdo non teñen cabida as manifestacións artísticas e singularidades propias da nosa Comunidade Autónoma (García y Arredondo, 2006 citados por Vicente, 2010). A súa vez, óptase por un libro en liña para fomentar o uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación e que ao mesmo tempo as familias do alumnado non teñan que realizar un gasto a maiores na súa adquisición.

A realización deste material foi un proceso moi longo no que houbo catros fases: na primeira delas recompiláronse diversas fontes publicadas para extraer ideas e materiais; na segunda preparouse o material en si compoñendo a instrumentación Orff, gravando os diferentes vídeos explicativos, realizando todos os textos que se inclúen e pensando as

² Non se recolle nas referencias documentais o Proxecto Educativo de Centro por ser información confidencial á que se accedeu durante o período de prácticas.

actividades; na terceira o obxectivo foi lograr un deseño atractivo xogando coas cores, cadros de texto e formato; e, finalmente, a cuarta consistiu na revisión e corrección. Nesta última fase participaron dous mestres en activo de Educación Musical que tiveron acceso ao material e realizaron diferentes suxestións. As máis relevantes foron as seguintes: proposta de modificar a orde dos bloques para adecuarse mellor á temporalización, substitución dos enlaces por hipervínculos e a inclusión dun último apartado ao final de cada bloque temático no que se propuxesen actividades pensadas para aqueles nenos e nenas que non son de Galicia. Nunha posterior corrección final incorporáronse estas suxestións dando así como resultado o material definitivo que se atopa no anexo II.

3.3. Obxectivos

Coa utilización nas aulas de terceiro de Educación Primaria do material que leva por título “Coñecendo e aprendendo co folclore e a lingua galega” contribúese a acadar os obxectivos da educación primaria extraídos do Decreto 105/2014 e específicos desta proposta que se recollen na seguinte táboa:

Táboa 3. Obxectivos da educación primaria e específicos da proposta.

Obxectivos	
Da educación primaria	<p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creativa na aprendizaxe, e espírito emprendedor (Decreto 105/2014, p. 37413).</p> <p>d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos (Decreto 105/2014, p. 37413).</p> <p>e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas (Decreto 105/2014, p. 37413).</p> <p>h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia (Decreto 105/2014, p. 37414).</p> <p>i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran (Decreto 105/2014, p. 37414).</p> <p>j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais (Decreto 105/2014, p. 37414).</p> <p>o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega (Decreto 105/2014, p. 37414).</p>
Específicos da proposta	<p>Utilizar a lingua galega eficazmente nas súas catro destrezas básicas: falar, escoitar, ler e escribir tendo como núcleo temático o folclore galego.</p> <p>Valorar a lingua galega como elemento de identidade de Galicia recoñecendo a riqueza da diversidade lingüística e cultural.</p> <p>Empregar as tecnoloxías da información para obter e interpretar información en diferentes formatos (vídeos, dicionarios en liña, etc.) e comprender termos específicos (hipervínculo, ligazón, lista de reprodución, canle...) deste campo de coñecemento.</p> <p>Explorar, coñecer e interpretar algúns dos principais elementos do folclore galego (cantos de Nadal, danzas, instrumentos, ladaíñas e cantigas).</p> <p>Apreciar as manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego, respectar e valorar as mostras das culturas dos nosos compañeiros e compañeiras e recoñecer a importancia da súa conservación e transmisión.</p> <p>Escoitar, valorar e respectar as intervencións e aportes dos demais compañeiros e compañeiras así como cumprir as quendas de palabra e as normas de clase decididas por consenso.</p>

Fonte: Elaboración propia.

3.4. Relación coas competencias clave

As actividades propostas no material deseñado contribúen a desenvolver a meirande parte das competencias clave do currículo incidindo na idea exposta no artigo 5 do Decreto 105/2014, “deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo” (Decreto 105/2014, p. 37416). Neste sentido a continuación explícase a relación existente entre estas competencias e a proposta de intervención educativa formulada:

- **Comunicación lingüística:** como é evidente en toda a proposta trabállase esta competencia por ser un dos obxectivos principais da mesma o fomento da lingua galega. Polo tanto, nas actividades o emprego da linguaxe (tanto oral e escrita) ten unha presenza moi significativa propiciando en todo momento que o alumnado se enfrente a diversas situacións comunicativas, sendo necesario para isto desenvolver accións como ler, comprender, escribir, falar, escoitar, expoñer ou dialogar (Orde ECD/65/2015).
- **Competencia dixital:** o feito de que o material deseñado estea en liña xa implica dispoñer de certas habilidades para poder acceder a el. Ao mesmo tempo nas diferentes actividades pídese que o alumnado busque e procese información que se atopa na rede ou que sexan eles e elas os que comuniquen esta información empregando un procesador de texto ou unha presentación en *power point*. Por tanto, ademais dun acceso á información tamén se aprecia unha transmisión da mesma en distintos soportes co fin de familiarizar ao alumnado nas posibilidades que nos ofrecen as TIC. Por outra banda, no material emprégase un código QR e diferentes termos como “ligazón, canle ou lista de reprodución” coa finalidade de contribuír á alfabetización dixital. Finalmente, dicir que traballar a competencia dixital implica inculcarlle ao alumnado certas actitudes como a necesidade de ser críticos e reflexivos coa información dispoñible e valores como a responsabilidade ao utilizar os ordenadores e navegar na rede (Orde ECD/65/2015).
- **Aprender a aprender:** como o alumnado ten un papel fundamental nesta proposta de intervención educativa na que o mestre ou mestra actúa como guía, é necesario que desenvolva estratexias relacionadas coa xestión e control das súas capacidades e coñecementos a través de experiencias de aprendizaxe conscientes tanto individuais como colectivas. Por tanto, para a realización con éxito de todas as actividades propostas o alumnado terá que marcar metas, fixar obxectivos, deseñar un plan de actuación que se adapte aos tempos dispoñibles e solucionar os

problemas e erros que vaian aparecendo, habilidades implícitas nesta competencia de aprender a aprender que esixe a capacidade para motivarse por aprender. O material deseñado está pensado principalmente para cumprir esta función de motivación e que así alcancen con gusto as metas propostas, sentíndose os protagonistas dos resultados conseguidos (Orde ECD/65/2015).

- **Competencias sociais e cívicas:** coas actividades propostas favorécese a comprensión da realidade social e dos cambios que se produciron ao longo dos últimos anos. Ao mesmo tempo, o traballo en grupo implica desenvolver habilidades sociais que permitan resolver os conflitos de xeito pacífico e tomar decisións baseadas na reflexión, no diálogo e no consenso (Orde ECD/65/2015).
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:** na proposta de intervención é fundamental que o alumnado desenvolva a capacidade para deseñar, planificar e facer pequenos proxectos (por exemplo a gravación dun vídeo ou a realización dunha recollida) dando o paso das ideas á acción. Ademais, como moitas destas actividades son en grupo é necesario o traballo de habilidades relacionadas co diálogo e a cooperación, coa organización dos tempos e tarefas e co control dos grupos para o que é necesario empatía, seguridade en si e espírito de superación (Orde ECD/65/2015).
- **Conciencia e expresións culturais:** esta é, xunto coa competencia en comunicación lingüística, a que máis se traballa na proposta de intervención xa que o obxectivo da mesma é coñecer, apreciar e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas de Galicia así como inculcar a necesidade de conservar este patrimonio inmaterial. Esta competencia en conciencia e expresións culturais tamén inclúe a aprendizaxe das técnicas propias das linguaxes artísticas, cuestión que se traballa en todos os bloques do material deseñado facendo fincapé en maior medida nas musicais. Así mesmo, preténdese que o alumnado desenvolva a capacidade de expresarse e comunicar ideas empregando tanto a música como outras artes (Orde ECD/65/2015).

3.5. Contidos

A utilización na clase de música do material “Coñecendo e aprendendo co folclore e a lingua galega” permite traballar uns determinados contidos, é dicir, “un conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias” (Decreto 105/2014, p. 37415). Na seguinte táboa recóllense os contidos de Educación Musical (área de Educación

Artística) de terceiro de Educación Primaria (establecidos no citado Decreto 105/2014) relacionados coa proposta de intervención divididos nos bloques temáticos marcados no currículo.

Táboa 4. Relación de contidos por bloques temáticos na área de Educación Artística referidos á Educación Musical.

Educación Musical	
Contidos do Decreto 105/2014	Bloque 1: A escoita
	Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte.
	Bloque 2: A interpretación musical
	Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento (...). Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.
	Bloque 3: A música, o movemento e a danza
	Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela. Reproducción de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva. Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

Fonte: Elaboración propia a partir do Decreto 105/2014.

Na Táboa 5 enuméranse os contidos da área de Lingua Galega e Literatura que se traballan no desenvolvemento da proposta.

Táboa 5. Relación de contidos por bloques temáticos na área de Lingua Galega e Literatura.

Lingua Galega e Literatura	
Contidos do Decreto 105/2014	Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar
	Uso de documentos impresos, dixitais e audiovisuais para obter informacións relevantes para realizar tarefas de aprendizaxe. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas, respectando as opinións de quen fala e sen interrupcións inadecuadas. Participación e cooperación nas situacións comunicativas (...) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (...).
	Bloque 2: Comunicación escrita: ler
	Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter información (...). Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos sinxelos en galego adaptados á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación e de lecer.
	Bloque 3: Comunicación escrita: escribir
	Producción de textos relacionados co ámbito académico para comunicar información (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións). Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención, de reelaboración da información e dos coñecementos e de expresión creativa.
	Bloque 4: Coñecemento da lingua
	Uso das normas ortográficas básicas (...). Uso do dicionario, en papel ou electrónico, de xeito guiado.
	Bloque 5: Educación literaria
Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos poemas, cancións, ditos).	

Fonte: Elaboración propia a partir do Decreto 105/2014

Ademais dos contidos amosados anteriormente podemos establecer contidos específicos ou didácticos da proposta tal e como se recolle na táboa 6.

Táboa 6. Contidos específicos da proposta.

Contidos específicos da proposta
<ul style="list-style-type: none">- Entoación de cancións pertencentes ao folclore galego na tonalidade de do maior e en compases de subdivisión binaria e ternaria.- Interpretación de patróns sinxelos nos instrumentos Orff acompañando a unha base instrumental.- Interpretación de bailes típicos de Galicia (a muiñeira) e creación de puntos para os mesmos.- Recoñecemento dos instrumentos de percusión típicos do folclore galego.- Iniciación ao ritmo de muiñeira coa pandeireta.- Realización de recollidas de pezas do folclore galego.- Produción de textos a partir das ideas fundamentais extraídas de vídeos ou documentos escritos.- Uso das tecnoloxías da información e comunicación para a obtención de información e iniciación ao uso do procesador de textos para corrixir os erros nas producións propias.- Iniciación á produción de vídeos como ferramenta para comunicar información aos demais.- Escoita atenta dos aportes dos demais compañeiros e compañeiras da clase valorando as súas achegas.- Participación e cooperación en todas as tarefas propostas amosando actitudes de respecto e colaboración.- Coidado e recollida dos materiais de clase empregados durante as sesións.

Fonte: Elaboración propia.

3.6. Metodoloxía

A proposta de intervención está deseñada para un contexto educativo específico tendo en conta as características e necesidades peculiares dese centro polo que a metodoloxía a empregar será aquela pola que opte o mestre que se encarga de impartir as clases de Música e co que se realizaron os distintos períodos de prácticas.

Non obstante, como orientacións e recomendacións metodolóxicas cabe sinalar que o material está pensado para lograr unha aprendizaxe significativa na que se parte dos coñecementos previos e se trata de relacionar os contidos e actividades co día a día dos rapaces e rapazas (permitindo a visita dos avós e avoas, amosando exemplos de agrupacións da súa cidade, etc.).

O alumnado en todas as tarefas propostas é o verdadeiro protagonista actuando o mestre ou mestra unicamente como un guía que o orienta, formula preguntas para propiciar a reflexión e o debate e dá consellos ou achegas encamiñadas á resolución dos problemas que van xurdindo. Ademais, todas as actividades teñen un carácter eminentemente práctico para que se aprenda facendo, é dicir, bailando, cantando, tocando, falando, escribindo, lendo e escoitando, fuxindo da transmisión de contidos e da visión do alumnado como mero reprodutor dos mesmos.

Como neste centro en todas as aulas de Educación Primaria se empregan técnicas de traballo cooperativo o material está deseñado para que a meirande parte das actividades se realicen nos equipos habituais de catro persoas e seguindo as estratexias propias desta

metodoloxía á que xa está acostumado o alumnado tendo cada un dos membros de equipo un rol e unhas funcións que desempeñar.

É importante resaltar que no caso de haber na clase algún alumno ou alumna doutra comunidade autónoma ou país é necesario deseñar estratexias metodolóxicas que permitan atender a esta diversidade e que toda a clase, mediante as actividades propostas ao final de cada bloque temático, coñeza as peculiaridades e os trazos que identifican a súa cultura.

Finalmente, destacar que esta proposta ten un carácter globalizado ao unir a música e a lingua galega polo que durante a súa posta en práctica hai que tratar de enriquecer esta dimensión interdisciplinaria incluíndo contidos doutras áreas de coñecemento como poden ser as Ciencias Sociais, a Educación Física ou a Educación Artística.

3.7. Temporalización

En canto á temporalización, propónse que este material complementario ao libro de texto sexa utilizado en trece sesións ao longo de todo o curso, dedicándose así un terzo das horas de música, aproximadamente, ao traballo do folclore e a lingua galega.

Na seguinte táboa recóllese a distribución dos bloques temáticos en cada un dos trimestres e a duración dos mesmos.

Táboa 7. Distribución das sesións e dos bloques temáticos da proposta.

1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
Bloque 1: Bailamos, tocamos e recolleemos muiñeiras ➤ 3 sesións Bloque 2: Recibimos o Nadal e conversamos cos nosos maiores ➤ 2 sesións	Bloque 3: Cantamos, tocamos e buscamos información ➤ 3 sesións Bloque 4: Achegámonos aos instrumentos tradicionais galegos de percusión ➤ 2 sesións	Bloque 5: Xogamos coa música e a lingua ➤ 3 sesións

Fonte: Elaboración propia.

Esta distribución está realizada pensando na extensión das actividades que configuran cada un dos temas e no transcurso do curso académico, sabedores de que o terceiro trimestre é curto e o alumnado está canso por iso se propón o bloque máis lúdico. Non obstante, é necesario dicir que como en todo proceso de ensinanza-aprendizaxe estas fases non son ríxidas e están suxeitas ás modificacións que o profesorado en cuestión considere oportunas ou aos imprevistos que xurdan na súa implantación.

3.8. Avaliación

A avaliación que se propón para o traballo realizado arredor desta proposta é unha avaliación continua e global que abarca todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e na que

se parte da detección dos coñecementos previos do alumnado realizada durante os períodos de prácticas desta titulación. A imposibilidade de poñer en práctica esta proposta impediu que se seguise co proceso de avaliación, aínda que esta formúlase como continua, formativa, individual e “integrada no proceso de ensino e aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula e do centro docente, converténdose nun referente tanto para valorar o progreso do alumnado como a mellora continua do proceso educativo” (Orde do 9 de xuño de 2016, p. 23559).

Respecto aos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, na táboa 8 recóllese unha selección daqueles do currículo para o terceiro curso que se relacionan coa proposta.

Táboa 8. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para avaliar ao alumnado.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais (...).</p> <p>Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</p> <p>Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.</p> <p>Utilizar os documentos audiovisuais como instrumentos de aprendizaxe.</p> <p>Comprender e producir textos orais sinxelos (...).</p> <p>Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula (...).</p> <p>Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego (...).</p> <p>Elaborar textos do ámbito académico para comunicar información.</p>	<p>Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.</p> <p>Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.</p> <p>Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</p> <p>Selecciona información relevante dos documentos audiovisuais (...).</p> <p>Participa nunha conversa entre iguais comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.</p> <p>Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso.</p> <p>Elabora diferentes tipos de textos (...).</p> <p>Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información (...).</p> <p>Participa no traballo en grupo.</p>

Fonte: Elaboración propia a partir do Decreto 105/2014.

En relación aos instrumentos de avaliación, utilizarase para avaliar ao alumnado a observación sistematizada das actividades realizadas mediante sistemas de rexistro como as listaxes e fichas de control, as escalas de estimación ou os rexistros anecdóticos onde anotar os progresos, observacións, dificultades e logros (Pascual, 2002). Non obstante, tamén se empregarán como instrumentos de avaliación todas as producións escritas que realicen, as exposicións orais, os vídeos e as interpretacións musicais conxuntas.

Como o alumnado non deba ser o único obxecto da avaliación é necesario someter a este proceso ao profesorado mediante o establecemento de indicadores de logro (Orde do 9 de xuño de 2016), e avaliar tamén o material en si coa finalidade de detectar debilidades e fortalezas, podendo reelaboralo para conseguir así a súa mellora.

4. Consideracións finais

Este traballo fin de grao naceu dunha gran preocupación persoal pola baixa presenza da lingua galega nos colexios de Educación Primaria e das ganas por, cunha proposta práctica, aportar ideas para corrixir esta situación á que urxe ter en consideración e poñer as medidas correctoras oportunas. A intervención práctica é a mellor solución a este problema e unicamente se conseguirá mellorar neste eido outorgándolle ao galego unha presenza máis notable e dotando ao alumnado de ferramentas e oportunidades para falar, escoitar, ler e escribir nesta lingua co fin de, tal e como se recolle nos diferentes documentos legislativos, conseguir que ao final das etapas obrigatorias o alumnado sexa igual de competente nas dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma.

Para lograr o agora detallado e dada a miña formación neste campo, considerei que a clase de Música tiña que xogar un papel clave dada a súa alta compoñente motivadora e decidinme polo folclore debido a importancia da súa conservación, recuperación e transmisión a futuras xeracións para que non se perda unha gran riqueza que nos identifica e diferencia como pobo. A súa vez, con esta proposta lógrase manter unha estreita relación entre dúas materias que ata este momento se tratan de xeito illado, beneficiándose ambas deste carácter interdisciplinario.

Considero que alcancei os obxectivos propostos inicialmente e agardo que o material deseñado poida ser de interese e utilidade para mestres e mestras, máis alá do colexio para o que está pensado, pois a necesidade de potenciar o uso do folclore galego nas aulas e do emprego da lingua galega nos colexios, como parte do patrimonio inmaterial e da riqueza que dispoñemos, debería realizarse en todos os centros educativos desta comunidade autónoma. Así mesmo, resaltar neste último apartado final a oportunidade que nos brinda esta proposta para defender a atención á diversidade e incluír e facer partícipes ao alumnado que provén doutras culturas, deixando que sexan os protagonistas e achegándonos así a realidades en moitos casos descoñecidas.

Finalmente, o meu agradecemento a miña titora Carol Gillanders pola súa dedicación, orientacións, consellos e paciencia dende que comezamos coa elaboración deste traballo. Tamén agradecerlle ao mestre de Educación Primaria que me acolleu durante os tres períodos de prácticas, animoume para realizar esta temática e axudoume en todo momento, así como ao equipo directivo do colexio que me permitiu pasar as enquisas que xustifican e sustentan a importancia e sentido deste traballo fin de grao que pretende aportar unha ferramenta máis para facilitar e enriquecer o proceso de ensinanza e aprendizaxe. Dar as grazas tamén aos dous mestres de Educación Musical que enriqueceron o deseño do material coas súas acertadas achegas.

5. Referencias bibliográficas

- Arévalo, A. (2009). Importancia del folklore musical como práctica educativa. *Revista electrónica de LEEME*, 23, 1-14. Recuperado de <<http://musica.rediris.es/leeme/revista/arevalo09.pdf>>
- Badía, M. e Díaz, J. (2006). *Aserrín! Repertorio de mimos, juegos y canciones para los más pequeños*. Tarragona: Arrola editors.
- Bustos, A. (2011). *La escuela rural*. Andalucía: Octaedro (Ediciones Mágina, S.L.).
- Comisión conxunta EUFP-FCE (2009). Memoria para la verificación del título de grado en maestro/a de educación primaria. Recuperado de <http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/G3141_G3151_Mestre_Primaria_2010_11.pdf>
- Constitución Española. (BOE nº 311, 29 de decembro de 1978).
- Martín, M^a J. (1992). El folklore musical en la enseñanza. *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 13, 53-65. Recuperado de <http://www.aufop.com/aufop/uploaded_files/articulos/1281644300.pdf>
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG nº 97, 25 de maio de 2010). Recuperado de <<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/939>>
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 171, 9 de setembro de 2014). Recuperado de <<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/13316>>
- Delgado, J.C. (2005). La aplicación de la música tradicional canaria en las aulas: un reto didáctico para el profesorado. *Revista electrónica de LEEME*, 15, 1-14. Recuperado de <<http://musica.rediris.es/leeme/revista/delgado05.pdf>>
- Díaz, L. (2005). Sobre el folklore en la actualidad y la pluralidad en la lectura. *OCNOS*, 1, 35-42. Recuperado de <<http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=259120382003>>
- Gallego, C.I. (2004). La educación musical del niño a través de las tradiciones. *Filomúsica*, 55. Recuperado de <<http://www.filomusica.com/filo55/educacion.html>>
- Gillanders, C. (2001). Educar en la música. *Música y educación*, 48 (4), 33-48.
- Gillanders, C. e Candisano, J. A. (2011). Métodos y modelos en educación musical. *Música y educación*, 87 (3), 62-72.

- Gimeno Sacristán, J. (1988). *El currículo: una reflexión sobre la práctica*. Madrid: Morata.
- Guía para a elaboración e defensa do TFG - Curso 2015/16 (2015). Recuperado de <http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/traballo_fin_de_grao_15_16/GUIA_TFG_GRAO_ED_INFANTIL_e_PRIMARIA_2015-16.pdf>
- Gutiérrez, R., Cremades, A. e Perea, J. (2011). La interdisciplinariedad de la música en la etapa de Educación Primaria. *Espacio y Tiempo, Revista de Ciencias Humanas*, 25, 151-161. Recuperado de <<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3877921>>
- Hemsey de Gaínza, V. (2004). La educación musical en el siglo XX. *Revista Musical Chilena*, 58 (201), 74-81. Recuperado de <http://www.scielo.cl/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0716-27902004020100004>
- Instituto Galego de Estatística (2013). *Enquisa estrutural a fogares*. Recuperado de <http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004>
- Instrumento de ratificación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, feita en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992. (BOE nº 222, 15 de setembro de 2001). Recuperado de <<https://www.boe.es/boe/dias/2001/09/15/pdfs/A34733-34749.pdf>>
- Jorquera, M^a C. (2004). Métodos históricos o activos en educación musical. *Revista electrónica de LEEME*, 14, 1-55. Recuperado de <<http://musica.rediris.es/leeme/revista/jorquera04.pdf>>
- Lahoza, L. I. (2012). El pensamiento pedagógico de Orff en la enseñanza instrumental. *Revista Arista Digital*, 24, 29-34. Recuperado de <http://www.afapna.es/web/aristadigital/archivos_revista/2012_septiembre_5.pdf>
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia (BOE nº 101, do 28 de abril de 1981). Recuperado de <<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1981-9564>>
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. (DOG nº 84, 14 de xullo de 1983). Recuperado de <<https://www.boe.es/ccaa/dog/1983/084/g01893-01899.pdf>>
- Lorenzo, O e Espejo, J. A. (2011). Folklore musical en las aulas de primaria y secundaria. *Música y educación*, 87 (3), 36-47.
- Lucato, M. (2001). El método Kodály y la formación del profesorado de música. *Revista electrónica de LEEME*, 7, 1-7. Recuperado de <<http://musica.rediris.es/leeme/revista/lucato01.pdf>>

Martínez, F. (2002). *El cuestionario. Un instrumento para la investigación de las ciencias sociales*. Barcelona: Laertes, S.A.

ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 110, 10 de xuño de 2016). Recuperado de <<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/19083>>

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE nº 25, 29 de xaneiro de 2015). Recuperado de <https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-738>

Pascual, P. (2002). *Didáctica de la Música para Primaria*. Madrid: Pearson Educación.

Pérez, S. e Leganés, E.N. (2012). La música como herramienta interdisciplinar: un análisis cuantitativo en el aula de Lengua Extranjera de Primaria. *Revista de Investigación en Educación*, 10 (1), 127-143.

RAE (2001). *Diccionario de la Lengua Española*, Vol. 1. Madrid: Espasa Calpe.

Ramallo, F. (2012). El gallego en la familia: entre la producción y la reproducción. *Caplletra. Revista Internacional de Filología*, 53, 167-191. Recuperado de <<http://www.raco.cat/index.php/Caplletra/article/view/267980>>

Ramírez, C. (2006). *Música, lenguaje y educación. La comunicación humana a través de la música en el proceso educativo*. Valencia: Tirant lo Blanch.

Rico, M. (1994). *Tan, tarantán, tarantán, tarantiña*. Santiago de Compostela: Edicións Fontel.

Touriñán, J.M. e Longueira, S. (2010). La música como ámbito de educación. Educación “por” la música y educación “para” la música. *Teoría de la educación*, 22 (2), 151-181.

Trapero, M. (2004). El folclore literario-musical desde la investigación: pasado, presente y futuro. *La cultura tradicional en la sociedad del siglo XXI*, 163-196. Recuperado de <http://www.webs.ulpgc.es/canatlantico/pdf/8/8/folclore_literario.pdf>

Unesco (s.d). *Tradiciones y expresiones orales, incluido el idioma como vehículo del patrimonio cultural inmaterial* (n.d.). Recuperado de <<http://www.unesco.org/culture/ich/es/tradiciones-y-expresiones-or>>

Vicente, G. (2010). El libro de texto en educación musical. *Espiral. Cuadernos del Profesorado*, 3 (5), 30-35. Recuperado de <<http://www.cepcuevasolula.es/espiral>>

Anexo I: Cuestionario sobre o uso da lingua galega para as familias do alumnado de Educación Primaria³

³ Enquisa realizada durante o Practicum III cuxos resultados e gráficos se incluíron na memoria das prácticas dun xeito máis pormenorizado.

CUESTIONARIO SOBRE O USO DA LINGUA GALEGA
Familias do alumnado de 1º curso do Colexio La Salle de Santiago de
Compostela

Estimadas familias:

Co fin de coñecer a situación sociolingüística do alumnado deste centro e a súa vez como colaboración cun proxecto que están levando a cabo estudantes de 4º do Grao en Mestre/a en Educación Primaria da Universidade de Santiago de Compostela, enviámosvos esta enquisa anónima que agradeceríamos que entregásedes cuberta aos titores e titoras ata o 5 de novembro como data límite.

Moitas grazas pola súa colaboración.

Xefatura de Estudos de Educación Primaria

1.- Cal é o código postal da residencia habitual do/a alumno/a?

2.- Onde naceu o/a alumno/a?

- 1 En Galicia
2 Fóra de Galicia

No caso de nacer fóra de Galicia, cantos anos leva residindo nesta Comunidade Autónoma?

3.- Que lingua fala habitualmente o pai/titor legal no fogar co/a alumno/a?

- 1 Só galego
2 Máis galego que castelán
3 Máis castelán que galego
4 Só castelán

4.- Que lingua fala habitualmente a nai/titora legal no fogar co/a alumno/a?

- 1 Só galego
2 Máis galego que castelán
3 Máis castelán que galego
4 Só castelán

5.- Que lingua fala habitualmente o/a alumno/a no fogar con seu pai/titor legal?

- 1 Só galego
2 Máis galego que castelán
3 Máis castelán que galego
4 Só castelán

6.- Que lingua fala habitualmente o/a alumno/a no fogar con súa nai/titora legal?

- 1 Só galego
2 Máis galego que castelán
3 Máis castelán que galego
4 Só castelán

7.- Que lingua falan entre os pais no fogar?

- 1 Só galego
2 Máis galego que castelán
3 Máis castelán que galego
4 Só castelán

8.- Que lingua falan habitualmente a familia co/a alumno/a?

- 1 Só galego
2 Máis galego que castelán
3 Máis castelán que galego
4 Só castelán

9.- Que lingua fala habitualmente o/a alumno/a coa familia?

- 1 Só galego
2 Máis galego que castelán
3 Máis castelán que galego
4 Só castelán

10.- Que lingua fala habitualmente o/a alumno/a cos seus amigos/as nas saídas ao parque, no tempo de xogo no colexio...?

- 1 Só galego
2 Máis galego que castelán
3 Máis castelán que galego
4 Só castelán

Anexo II: Coñecendo e aprendendo co folclore e a lingua galega⁴



⁴ Incorpórase nas seguintes páxinas o material en liña “Coñecendo e aprendendo co folclore a lingua galega” para evitar que a posible incidencia dun erro informático impida o acceso ao mesmo.

Coñecendo e aprendendo co folclore e a lingua galega

Material didáctico complementario ao libro de texto para o alumnado

3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA



Antía Cores Torres

Dir.: Carol Gillanders

Universidade de Santiago de Compostela, 2016

Índice

Introdución.....	36
1. Bailamos, tocamos e recollemos muiñeiras.....	37
2. Recibimos o Nadal e conversamos cos nosos maiores	43
3. Cantamos, tocamos e buscamos información	46
4. Achegámonos aos instrumentos tradicionais galegos de percusión	49
5. Xogamos coa música e a lingua.....	52
Referencias documentais	55

Introdución

Este curso na materia de Música empregaremos como recurso complementario ao libro de texto este material en liña ao que accederedes dende os vosos ordenadores portátiles do proxecto Abalar. Como podedes ver na imaxe da portada, con este caderno imos traballar a música e a lingua galega de forma conxunta, realizando ademais de actividades musicais outras tarefas nas que será necesario buscar no dicionario, preparar presentacións orais, pensar preguntas para realizar unha entrevista, facer resumos escritos ou inventar un conto.

A única condición para poder utilizar este caderno é que tedes que falar cos vosos compañeiros e compañeiras e co mestre ou mestra sempre en galego, ademais de realizar todas as actividades propostas nesta lingua. Desta forma, conseguiredes, ao final de curso, empregar o galego máis a miúdo e será igual de cómodo como se o fixerades en castelán.

Atrevédesvos co reto? Gústavos a idea?

De seguro que vos divertiredes moito!

1. Bailamos, tocamos e recollemos muiñeiras

Neste bloque temático aprenderemos a tocar e bailar unha muiñeira, que xunto coa xota, son os xéneros máis populares da nosa tradición e forman parte da cultura. En Galicia hai moitas agrupacións que se dedican a recuperar, conservar e transmitir este folclore galego bailando, tocando e cantando en festas e actos e formando nas súas escolas a xente de todas as idades. Unha destas agrupacións é Cantigas e Agarimos, de Santiago de Compostela, que se fundou hai case cen anos. Na súa canle de Youtube podedes ver gran cantidade de vídeos a través das súas listas de reprodución. Unha delas leva por título «Escola Cantigas e Agarimos» e nela atoparedes gravacións de moitos dos grupos de nenos e nenas que forman a escola:

[Lista de reprodución: «Escola Cantigas e Agarimos»](#)

Na lista de reprodución «Cantigas e Agarimos» podedes ver vídeos do grupo oficial actuando en festas por todo Galicia e en programas de televisión:

[Lista de reprodución: «Cantigas e Agarimos»](#)

A aprender o ritmo de muiñeira...

Despois de ver como bailan, tocan e cantan os compoñentes de Cantigas e Agarimos é o momento de aprender a tocar un dos ritmos que escoitastes, a muiñeira, e para iso empregaremos a pandeireta. No seguinte vídeo explícase como coller este instrumento, podedes acceder a el facendo clic na imaxe:



Unha vez que sabemos como coller a pandeireta é o momento de aprender a ritmo de muiñeira tal e como se mostra no próximo vídeo:



Agora tedes uns minutos para practicar este ritmo cos diferentes instrumentos que hai na clase, podendo intercambialos e axudarvos uns aos outros, descubriendo así como realizar neles o ritmo de muiñeira. Se entre todos e todas non conseguides saber como se pode facer, preguntádelle ao mestre ou mestra.

Parte A

Letra:

Felisa vai en coche,
Felisa en coche vai
Felisa vai en coche
Vai ve-la súa nai.

Vai ve-la súa nai,
Vai ve-la súa nai,
Felisa vai en coche
Felisa en coche vai.

Ritmo:

Maneo

Baile:

Todos e todas por parellas,
colocados formando unha roda e
bailando o agarrado ao ritmo da
música.

Parte B

Letra:

Ai la la la la, ai la la la la
Ai la la la la la la la la
Ai la la la la, ai la la la la
Ai la la la la la la la la

(Repítese 2 veces)

Ritmo:

Muiñeira

Baile:

Todos e todas por parellas,
colocados formando unha roda e
dando catro pasos saltados cara
dentro da roda (pechando roda) e
catro pasos saltados cara fóra da
roda (abrindo roda).

Polo tanto, dividiremos a clase en tres grupos que irán rotando as súas funcións. Un deles cantará, o outro bailará e o terceiro grupo acompañará e realizará o ritmo cos instrumentos tradicionais que temos na clase.

Unha vez interpretada a muiñeira corrida e en grupos de oito persoas haberá que inventar tres puntos de baile para facer en lugar dos pasos abrindo e pechando roda (parte B). Deste xeito, despois de bailar o agarrado coa nosa parella e ao pasar á seguinte parte será o momento de realizar os puntos inventados.

Nos seguintes vídeos podedes ver como se toca o maneo coa pandeireta e algúns puntos de muiñeira para que teñades algunha idea á hora de inventar os vosos:



A facer unha recollida...

Para que non se perdan todas as cantigas e bailes que se interpretaban en Galicia polas tardes ao redor da lareira ou nos alpendres e nas festas, moitas agrupacións tradicionais e persoas que se dedican a estudar o folclore galego van polas aldeas realizando recollidas.

Unha recollida consiste en visitar a un grupo de mulleres e homes que coñecen cancións e bailes propios da súa zona, falar con eles e elas para que nos expliquen todo o que saben e despois gravalos bailando, tocando e cantando ou anotar as letras e os pasos. Deste xeito, o folclore tradicional propio dunha zona espállase e interprétase noutros lugares, seguindo vivo e evitando así que se perda.

Polo tanto, agora que xa sabedes o que é unha recollida hai que poñerse a traballar. Nos grupos habituais tedes que buscar a unha persoa maior que coñeza algunha muiñeira e realizar un traballo que conteña a seguinte información:

- Letra da muiñeira (no caso de que a teña)
- De onde é típica esa muiñeira
- Cando se bailaba
- Onde se bailaba
- Como a aprendeu
- De que instrumentos se acompañaba o baile
- Gravación tocando, bailando e/ou cantando
- Outra información: calquera aspecto ou cuestión que se vos ocorra

O formato do traballo pode decidilo cada grupo a elixir entre: breve informe escrito, presentación *power point* ou un vídeo no que cada compoñente responde en poucos segundos a algunha das cuestións propostas.

Para saber máis do folclore das culturas dos nosos compañeiros e compañeiras...

Se no voso grupo hai algún membro que non é de Galicia terá que realizar esta actividade coa vosa axuda. Despois, todo o grupo expoñerá o resultado ao resto da clase para que os demais compañeiros e compañeiras coñezan a súa cultura:

- 1) A muiñeira é un baile típico de Galicia, explícalle aos teus compañeiros e compañeiras de grupo cales son as danzas propias da túa zona e as súas características. Elixide un exemplo e interpretádea entre todos e todas (coa axuda do mestre ou mestra, que vos facilitará as ligazóns, podedes buscar en internet algún vídeo ou a información que non saibades).

2. Recibimos o Nadal e conversamos cos nosos maiores

No Nadal enchemos as nosas casas de adornos, as rúas están iluminadas, as tendas decoradas e a miúdo escoitamos panxoliñas e música propia destas datas. Non obstante, perdéronse algunhas das tradicións que realizaban os nosos avós e avoas durante o Nadal. Por poñer un exemplo, fostes algunha vez pedir o aguinaldo? Sabedes en que consiste isto?

Para coñecer todos os detalles acerca de como celebraban o Nadal os vosos avós e avoas, a próxima semana visitaranos á escola un deles. Así que, nos habituais grupos, tedes que pensar e escribir cinco preguntas que lle faredes ao avó ou avoa que virá dentro duns días. Estas cuestións teñen que estar relacionadas, fundamentalmente, coa música, o baile e as cancións que interpretaban cando eran novos durante esta época do ano.

Ademais, temos que elixir entre todos e todas a un alumno ou alumna para que realice a presentación do avó ou avoa e a outro ou outra para que modere. En función do que prefiras ser, presentador/a ou moderador/a, pensa nun discurso breve no que expliques por qué deberías ser o/a elixido/a e que farías para desempeñar o teu cargo. Despois iremos saíndo de un en un e diante de toda a clase defenderemos o noso proxecto que será votado polos demais compañeiros e compañeiras, sendo o elixido o gañador ou gañadora da votación.

Para saber un pouco máis...

En Galicia despois da cea de Nadal formábanse grupos de mozas e mozos e percorrían todas as casas da aldea cantando e bailando. Ían acompañados de instrumentos como a gaita, a frauta, os pandeiros... Cando chegaban a unha casa comezaban a cantar, o dono ou dona saía e os mozos e mozas pedían permiso para seguir coa troula (licenza). Unha vez que lle daban licenza, ían á cociña e alí cantaban e bailaban ata que remataban pedindo alimentos ou diñeiro, o que se coñecía como «pedir o aguinaldo». O dono ou dona da casa dáballe o que tiña: chourizos, patacas, ovos, cartos... A continuación interpretábase unha cantiga de despedida e marchaban facer o mesmo noutra casa.

Ao día seguinte xuntaban todo o que recadaran e con iso facían unha merenda ou cea na que tamén estaba presente a música (Asociación de Gaiteros Galegos, 2006).

A cantar unha panxoliña e inventarlle outra letra...

Para despedir ao avó ou avoa que virá nos próximos días cantaremos entre todos e todas unha bonita panxoliña que se titula «A campá que resoa» e ten a seguinte letra:

A campá que se escoita
din don dan
é a da miña aldea
din don dan.

Mira como resoa
din don dan
porque é día de festa
din don dan.

Toca a campá
meu campaneiro
que hoxe é Nadal.
Anuncia a nova
porque o neno
naceu no portal.

Non obstante, antes de comezar a traballar coa melodía debes buscar nos dicionarios en papel que hai na biblioteca de aula aquelas palabras que non coñezades o seu significado, anotalo no voso caderno e facer unha oración con cada unha delas. Despois haberá unha posta en común.

Por grupos, unha vez que cantemos a panxoliña varias veces, tedes que inventarlle outra letra, mantendo aqueles versos nos que se di «din don dan». Cando todos os grupos teñan rematado, leranse en voz alta as diferentes estrofas e entre todos e todas votaremos a que máis nos guste para incluíla no noso canto de Nadal.

A campá que resoa

Recompilación: Xosé Casal



* Pode escoitarse esta panxoliña no CD «O quiquiriquí: Cantos para o Nadal».

Para saber máis das tradicións culturais dos nosos compañeiros e compañeiras...

Se no voso grupo hai algún membro que non é de Galicia terá que realizar esta actividade coa vosa axuda. Despois, todo o grupo expoñerá o resultado ao resto da clase para que os demais compañeiros e compañeiras coñezan a súa cultura:

- 1) Como se celebra o Nadal na túa zona? Explícalle aos teus compañeiros e compañeiras aquelas cuestións que che parezan máis diferentes tendo en conta os costumes de Galicia.
- 2) Ensínalle aos demais membros do grupo un canto de Nadal. Practícaídeo varias veces para despois cantarllo ao resto da clase.

3. Cantamos, tocamos e buscamos información

Coñeces este retrouso dunha canción tradicional galega?

Non lle temas, mariñeiro, ao ventiño do mar,
pois o vento mareiro dá mellor navegar.
Se navegas pola ría de Rianxo verás
as estrelas e a lúa darlle bicos ao mar.

A cantar a melodía...

Non lle temas, mariñeiro

Tradicional Galicia



Non lle te - mas ma - ri - ñei - ro ao ven - ti - ño do mar, pois o
Se na - ve - gas po - la rí - a de Ri - an - xo ve - rás, as es -

5

ven - to ma - rei - ro da me - llor na - ve - gar
tre - las e a lú - a dar - lle bi - cos ao mar

A tocar cos instrumentos Orff...

Non lle temas, mariñeiro

Instrumentación: Antía Cores

The musical score is arranged in two systems of seven staves each. The instruments are: Frauta (Flute), Carillón (Chime), Xilófono Soprano (Soprano Xylophone), Xilófono Alto (Alto Xylophone), Pandeiro (Tambourine), Bombo (Bass Drum), and Xilófono Baixo (Bass Xylophone). The time signature is 3/4. The first system covers measures 1-4, and the second system covers measures 5-8. The score includes various rhythmic patterns and melodic lines for each instrument.



Audio coa base para tocar sobre ela (realización propia).

A buscar información...

Trata de indagar co teu grupo empregando os ordenadores do proxecto Abalar a que cantiga pertence o retrouso e lede as diferentes estrofas.

Na letra da canción fálase do vento mareiro e dunha dorna. Cos portátiles, buscade nun dicionario en liña, aos que podedes acceder premendo nos seguintes hipervínculos, os termos vento mareiro e dorna e escribide no voso caderno o seu significado:

[Dicionario da Real Academia Galega](#)

[Dicionario da Xunta de Galicia](#)

A cantiga tamén menciona a Rosalía de Castro que foi unha escritora galega moi coñecida. Na seguinte ligazón tedes acceso a un vídeo no que se conta a súa vida e se recollen algunhas estrofas dos seus poemas. Escoitádeo e facede un resumo de dez liñas cos datos máis importantes:

[Vida e poemas de Rosalía de Castro](#)

4. Achegámonos aos instrumentos tradicionais galegos de percusión

No anterior trimestre tivestes a oportunidade de tocar nalgúns instrumentos tradicionais de percusión o ritmo de muiñeira. Agora é o momento de facer unha breve explicación dalgúns deles e deixavos liberdade para que empregando estes instrumentos inventedes un conto con música, como se explicará con máis detalle nas seguintes páxinas.

Bombo

Instrumento que se constrúe con madeira. Conta con dúas peles e bátese nunha delas empregando unha pequena maza para producir o son. Pendúrase cunha correa ao ombreiro do tocador ou tocadora.



Pandeireta

Instrumento que se constrúe cunha pequena táboa de madeira curvada que nun dos seus lados recóbrese con pelica de cabra ou ovella. A táboa de madeira ten uns ocos rectangulares onde se colocan as ferreñas.

A pandeireta pode tocarse de varios xeitos sendo a forma máis moderna mover a pandeireta coa man que se agarra e batela contra a outra man que permanece inmóbil e curvada ou en forma de puño.



Tambor

Instrumento formado por unha caixa que se fabrica con madeira dobrando unha táboa. Enriba desta caixa (tanto na parte inferior coma superior) esténdense peles.

O tambor faise soar batendo a súa pel con dous paus de madeira que tamén se coñecen co nome de palitroques. Suxéitase cun cinto á cintura do instrumentista.



Cunchas

No folclore galego empréganse as cunchas de vieira como un instrumento musical que acompaña ao canto ou ás melodías instrumentais.

O son prodúcese debuxando círculos cunha cuncha sobre a outra.



No folclore galego é moi frecuente empregar instrumentos domésticos que se converten en instrumentos musicais cos que acompañar as diferentes melodías. Exemplo disto son as culleres, os garfos ou a botella de anís, podendo escoitar a continuación unha mostra:



A inventar un conto e crear unha sonorización...

Despois de poder tocar varios instrumentos tradicionais galegos de percusión e de coñecer os seus sons característicos chegou o momento da creación. Nos habituais grupos de traballo tedes que inventar un conto no que algúns destes instrumentos sexan os protagonistas e crear unha sonorización para o mesmo, é dicir, un acompañamento musical a realizar cos instrumentos que temos na clase: culleres, botella de anís, latas de pemento, cunchas, garfos, tarrañolas, bombo, tambor, pandeiro e pandeireta.

O conto hai que escribilo a man e a música creada debes representala nunha partitura non convencional (explicando correctamente a lenda) que acompañará ao texto.

Unha vez rematado este traballo representarase por grupos para o resto da clase. É necesario que participen todas as persoas que forman parte do equipo, ou ben tocando os instrumentos ou contando a historia.

Para saber máis do folclore das culturas dos nosos compañeiros e compañeiras...

Se no voso grupo hai algún membro que non é de Galicia terá que realizar esta actividade coa vosa axuda. Despois, todo o grupo expoñerá o resultado ao resto da clase para que os demais compañeiros e compañeiras coñezan a súa cultura:

- 1) Neste bloque estivemos traballando cos instrumentos de percusión tradicionais de Galicia. Son os mesmos que se empregan na túa rexión? Que semellanzas e diferenzas atopas? Busca en internet unha foto dalgún instrumento propia da túa zona e explícalle aos teus compañeiros e compañeiras as principais características.

Despois farase o mesmo para o resto da clase, pero nesta ocasión será un dos teus compañeiros ou compañeiras de grupo o/a que se encargue de facer a presentación do instrumento.

5. Xogamos coa música e a lingua

Dende hai moitos anos en Galicia algúns xogos acompañanse de cancións con sinxelas melodías ou ladaíñas con ritmo. Nos recreos do colexio é frecuente escoitar aos nenos e nenas saltar á corda recitando algún dito, xogar ás palmas co acompañamento dunha canción, botar a sortes para decidir quen ten que apandar pronunciando unha ladaíña ou interpretar cancións de corro.

Durante os primeiros meses da nosa vida a música tamén adoita estar presente cando as nosas nais e pais nos fan xogos de contacto, de comunicación, de rimas ou de mans.

Este material tan variado forma parte do que coñecemos como folclore infantil e con el traballaremos neste bloque, centrándonos en todo aquel repertorio con textos en lingua galega.


A escoitar e interpretar algúns exemplos...

O mestre ou mestra tocará ao piano ou cantará as seguintes melodías e, a continuación, entre todos e todas, interpretarédelas:


- Xogo de contacto da primeira infancia: Tantarantán, tarantán, tarantiña

Tantarantán, tarantán, tarantiña

Recompilación e transcripción: Manuel Rico



Tan-ta-ran - tán, ta-ran-tán, ta-ran - ti - ña, o que non co-me non ten ba - rri - gui - ña;
Tan-ta-ran - tán, ta-ran-tán, ta-ran - ti - ña, o que non pen-sa non ten ca - be - ci - ña;



tan-ta-ran - tán, ta-ran-tán, ta-ran - to - la, o que non co-me non ten ba - rri - go - la
tan-ta-ran - tán, ta-ran-tán, ta-ran - to - la, o que non pen-sa non ten ca - be - zo - la

A escoitar e interpretar algúns exemplos...

- Cancións de corda: Rei, rei, cantos anos durarei?

Rei, rei, cantos anos durarei?

Recompilación e transcripción: Manuel Rico

Rei, rei, can - tos a - nos du - ra - rei? Vin - te e cin - co non o sei. Un,

6
dous, tres, ca - tro, cin - co, seis se - te oi - to no - ve...

Accedede ás seguintes ligazóns e escoitade os audios que neles se recollen para a continuación interpretar as ladaíñas e cancións entre todos e todas:

- [Este queixo, queixolán](#) (xogo de contacto)
- [Cuco, rei](#) (para saltar á corda)
- [Pinto, pinto, gagarabinto](#) (para botar ás sortes)
- [O xogo da Carrasquiña \(letra\)](#) // [O xogo da Carrasquiña \(baile\)](#)

Unha vez que todos e todas esteades familiarizados/as con estes exemplos, utilizarémolos para seguir traballando as calidades do son que vimos en sesións anteriores no libro de texto.

Para isto empregaranse grafías non convencionais que serán explicadas polo mestre ou mestra e estarán representadas en cartolinas que irá levantando (por exemplo, se estamos coa intensidade, un círculo grande representa os sons fortes e un círculo pequeno os sons piano).

Deste xeito, a medida que imos recitando as ladaíñas ou cantando as cancións iremos facendo os sons forte e piano, alongando ou acurtando as sílabas, empregando sons graves e agudos e imitando diferentes timbres, en función das indicacións que o mestre ou mestra vaia amosando nas cartolinas.

A construír o recuncho dos xogos da infancia...

Na nosa clase dentro duns días haberá un novo espazo chamado «O recuncho dos xogos da infancia» que construiremos entre todos e todas realizando os seguintes pasos:

- 1) Pensar, individualmente, nunha canción de corda, de botar a sortes, de corro, de palmas, etc., que acompañe a un xogo e teña a letra en galego. No caso de que non coñezades ningunha, preguntarlle aos vosos pais e nais ou avós e avoas e que vos ensinen unha.
- 2) Empregando os ordenadores de clase, realizar unha ficha na que apareza o título do xogo, a letra da canción ou ladaíña, unha breve explicación de como se realiza o xogo e un debuxo que represente a situación que se fará ao final de todo, unha vez impresa a ficha. A ficha farase nun documento de texto e haberá que activar o corrector ortográfico para que nos marque os erros que imos cometendo.
- 3) Na casa e coa axuda da nosa familia, facer unha gravación coa cámara dun móbil realizando o xogo elixido e gardala nunha memoria USB.
- 4) Exposición na clase para o resto de compañeiros e compañeiras do traballo realizado.
- 5) Entre todos e todas coas fichas realizadas temos que decorar o novo recuncho da nosa clase.
- 6) O mestre ou mestra recompilará todas as gravacións individuais nun único vídeo que lle pasará aos alumnos e alumnas empregando o lapis de memoria.

Para saber máis do folclore das culturas dos nosos compañeiros e compañeiras...

Se non es de Galicia na actividade proposta anteriormente de realizar unha ficha e unha gravación interpretando un xogo con letra en galego ti escollerás calquera canción de sortes, de corro, de corda, de palmas... que sexa típica da túa rexión para posteriormente ensinarlla aos teus compañeiros e compañeiras e incluíla no vídeo final.

Referencias documentais

Asociación de Gaiteiros Galegos (2007). *O quiquiriquí: cantos para o Nadal* (libro, CD e DVD). Gondomar: Pai Música.

Prego, L. e Cobos, S. (2013). *Para cantar e bailar* (libro, CD e DVD). Vilaboa: Cumio.

Rico, M. (2016). *Heiche de cantar un conto*. Galicia: Editado por Supermercados Gadis.